

**PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O
CURSO 2015-16**

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

NOTA INFORMATIVA:

- 1.- Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle
- 2.- O alumnado que ten garantía de permanencia no centro, se presenta solicitude de admisión noutro deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- 3.- O alumnado que ten reservada a praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- 4.- Autobarefacción. Na solicitude de admisión, na columna de “puntuación”, os solicitantes deberán cubrir os datos numéricos realizando unha autobarefacción. Esta será posteriormente ratificada ou rectificada á vista da documentación complementaria achegada.
- 5.- A documentación esixida para acreditar os criterios é voluntaria. A non presentación dalgún xustificante suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.
- 6.- A concesión de praza e a posterior matriculación no centro, implica por parte dos pais ou titores legais, a aceptación do carácter propio do centro.
- 7.- O importe do IPREM (indicador público da renda de efectos múltiples) do ano 2013 foi: 6.390,13 euros anuais, con exclusión das pagas extraordinarias (suma das casiñas 455 e 465 da declaración da renda) do ano 2013